

ACTA NÚMERO: 35/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 11 de setembro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gullás Varela, Técnico do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 14 de agosto de 2025 (Reunión 31/2025) e 21 de agosto de 2025 (Reunión 32/2025).
2. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)". (Expte.- 2025008072).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025026484).
4. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste". (Expte.- 2023070367).
5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial". (Expte.- 2023075143).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte.- 2025019176).
7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte.- 2025019176).
8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Expte.- 2025007270).
9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Expte.- 2025007270).
10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino (Expte.- 2024017600).
11. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino (Expte.- 2024017600).
12. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación (Expte.- 2025025952).
13. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025025952).



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 14 de agosto de 2025 (Reunión 31/2025) e 21 de agosto de 2025 (Reunión 32/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 14 de agosto de 2025 (Reunión 31/2025) e 21 de agosto de 2025 (Reunión 32/2025).

2. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)". (Expte.- 2025008072).

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2025, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)".

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de agosto de 2025. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e por parte dos membros da Mesa de Contratación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto,

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz



Balneario e Mondariz)", por non presentarse ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)". (Expte.- 2025026484).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.



- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
- 4. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste". (Expte.-2023070367).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025006478 de data 1 de agosto de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 19 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO		
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	67.801,44 €	3,00%	36 MESES
MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS	65.870,00 €	1,00%	36 MESES



De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"ÚNICO"			PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	4,64	10,00	10,00	24,64
MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS	17,11	10,00	0,00	27,11

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Conservación e mellora da cuberta do Pazo Provincial na zona do lucernario suroeste*)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS	27,11
2	DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	24,64

2. Propor ó órgano de contratación, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, adxudique este procedemento á empresa MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS (NIF 44080629W), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....65.870,00 €
 IVE (21%).....13.832,70 €
 Importe Total..... 79.702,70 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 1% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MANUEL ÁNGEL CHAMADOIRA MUIÑOS (NIF 44080629W) figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (número 7384) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, MANUEL ÁNGEL CHAMADOIRA MUIÑOS, mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

a) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato. (105.184,47 €)

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

b) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. (49.086,09 €)

c) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Master en Enxeñaría Civil, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

d) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.506,15 €



5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial". (Expte.- 2023075143).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025006518 de data 4 de agosto de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial" O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 19 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO		
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	14.929,27 €	3,00%	36 MESES

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	SOBRE "ÚNICO"			PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	
DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	4,06	10,00	10,00	24,06

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Adecuación de sala de caldeiras no Pazo Provincial" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	24,06

2. Propor ó órgano de contratación, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, adxudique este procedemento á empresa DESEÑO, ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. (CIF B94129368), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado..... 14.929,27 €
 IVE (21%)..... 3.135,15 €
 Importe Total..... 18.064,42 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa DESEÑO, ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (número 4994) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa DESEÑO, ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

a) Solvencia económica e financeira



Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato. (22.623,84 €)

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

b) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. (10.557,79 €)

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 754,13 €

6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte.- 2025019176).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 13 de xuño de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:



- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de xullo de 2025 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 9 de setembro de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	22	3	25
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	20	2	22
NAROM SL	18	3	21
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	19	2	21
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18	2	20
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	16	2	18
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	17	1	18
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	14	2	16
HORDESCON, S.L.	12	2	14



A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 9 de setembro de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)*”.

7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte.-2025019176).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)"*.

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	25
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	22
NAROM SL	21
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	21
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	20
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U	18
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	18
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	16
HORDESCON, S.L.	14

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	721.630,59 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	727.815,58 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	761.364,26 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	710.802,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	731.631,54 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	781.636,57 €	1,50%	18 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	707.702,27 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	749.518,87 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	748.087,89 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir ás citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as súas ofertas e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.



8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Expte.- 2025007270).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de xullo de 2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 5 de agosto de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no DOUE con data 06/08//2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Orange Espagne SAU (CIF A-82.009.812)
- Telefónica de España SAU (CIF A-82.018.474)

9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Expte.- 2025007270).

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do 11 de setembro de 2025, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra, acordando admitir ás seguinte empresas:

- Orange Espagne SAU (CIF A-82.009.812)
- Telefónica de España SAU (CIF A-82.018.474)



A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas técnicas que serán avaliadas mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B”, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino (Expte.- 2024017600).

A Presidencia a instancia do Secretario da Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo.

11. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino (Expte.- 2024017600).

A Presidencia a instancia do Secretario da Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo.

12. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación (Expte.- 2025025952).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 06 de agosto de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (Anuncio



número 518384-2025) en data 07 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas nos lotes que se indican a continuación:

Lote nº 1:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125)
- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

Lote nº 2:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

13. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025025952).

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do día 11 de setembro de 2025, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra, acordando admitir ás seguintes empresas nos lotes:

Lote nº 1:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125)
- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

Lote nº 2:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)



A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas técnicas que serán avaliadas mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e un minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

